

**Autor:** VIDAL GARCÍA, J. (Coord.)  
**Ano:** 2003  
**Título:** *Métodos de análisis de la inserción laboral de los universitarios*  
**Lugar:** Madrid  
**Editorial:** Consello de Coordinación Universitaria. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

O estudo da calidade e efectividade da educación superior é unha constante nos últimos anos en varios países europeos. Este feito parece avalado polos numerosos congresos, publicacións e informes aparecidos recentemente e pola abundante lexislación ao respecto. Entre as explicacións máis plausibles para esta situación está, sen dúbida ningunha, a integración europea, a escaseza de recursos económicos e a necesidade de achegar solucións ao mercado laboral e ao emprego dende as institucións de educación superior.

Un dos cambios máis significativos que as institucións superiores europeas experimentaron ultimamente foi que ver cos contidos e con algúns aspectos organizativos. A homoxeneidade dos sistemas universitarios tradicionais deu paso a unha diversificación cada vez maior, cuxos obxectivos principais non foron outros que darlles resposta ás necesidades económicas e tecnolóxicas da industria.

Xa durante os anos 1950 e principios de 1960 se relacionaba a educa-

ción superior coa contribución a un crecemento económico substancial. A partir de 1960, a expansión da educación superior asociouse co desenvolvemento económico e coa redución da desigualdade de oportunidades. Posteriormente, na década dos 70 e 80, incrementábase a demanda de man de obra cualificada e o número de titulados superiores, medrando o interese polo emprego dos graduados, á vez que aumenta o paro en xeral. Durante os anos 90 do pasado século XX, as relacións existentes entre o mercado de traballo e a educación superior agrándanse. Este interese ponse de manifesto nas múltiples actividades que organizacións internacionais como a OCDE ou a UNESCO realizan. Na actualidade a preocupación céntrase, sobre todo, na análise da diversidade da educación superior, o funcionamento das súas institucións, a oferta de estudos aos universitarios e as súas relacións co mundo do traballo.

Aínda que tradicionalmente as vinculacións entre educación superior e emprego non se preocuparon pola

transición entre o ensino superior e o emprego e sinalaron máis ben dimensións macrosociais desas relacións en termos, por exemplo, de relacións de oferta e demanda, educación e mobilidade social, cambios de entrada e saída debido ao rápido incremento no número de graduados, actualmente recoñécese a complexidade de transición educación superior-emprego e as relacións imperfectas mantidas entre ambos os dous espazos. Neste sentido, o estado da investigación revela que non existe un enfoque único; as teorías nesta área de análise difiren substancialmente na súa base conceptual, as reformas educativas, os cambios tecnolóxicos, as condicións de emprego máis flexible e precario, as diferenzas nacionais e rexionais, etc., o que fai que as controversias neste ámbito permanezan, de aí que teña sentido preguntarnos se a educación superior prepara axeitadamente os titulados para a transición ao emprego.

Precisamente, as achegas que integran o libro *Métodos de análisis de la inserción laboral de los universitarios* teñen como asunto de fondo esta temática e, paralelamente, permítenos albiscar cuestións de estudo nas que apenas empezou a render os seus froitos a investigación social e educativa, isto é, as aproximacións metodolóxicas, ferramentas e sistemas de análise máis axeitados para o estudo da inserción laboral dos graduados universitarios.

Esta obra de carácter colectivo é o froito da eficaz coordinación do conxunto de relatorios e conclusións presentadas ao seminario organizado dende o Consello de Coordinación Universitaria e celebrado en León en xuño do 2003 baixo o título “Métodos de análisis de la inserción laboral de los universitarios”. Co fin de lle facilitar a lectura e consulta das súas páxinas ao lector interesado, os traballos organízanse en tres partes diferenciadas: na primeira recóllense catro achegas, dúas delas referidas a experiencias europeas e as outras dúas, a experiencias estadounidenses; a segunda parte inclúe dous estudos realizados en España, concretamente nas comunidades autónomas de Cataluña e Andalucía; na terceira parte preséntanse documentos de traballo sobre a análise da inserción laboral dos universitarios.

Así, no primeiro traballo, “Aspectos metodológicos de las encuestas a graduados universitarios”, o autor ofrécenos unha visión ampla das experiencias desenvolvidas no contexto europeo arredor das enquisas a graduados universitarios e a análise da súa inserción laboral. Despois dalgunhas reflexións sobre o carácter destas enquisas, expón as principais cuestións metodolóxicas do estudo denominado “Higher Education and Graduate Employment in Europe” (Educación Superior e Emprego de Graduados Universitarios en Europa),

financiado pola Comisión Europea dentro do marco do Programa de Investigación Socioeconómica con Fins Propios (TSER). Conclúe esta achega coa presentación dunha listaxe de recomendacións para a realización de estudos sobre a inserción laboral dos graduados.

O seguinte traballo “La medición de las competencias de los titulados superiores”, presenta un modelo conceptual para medir as competencias dos titulados superiores. Se ben é certo que a análise das competencias non é nova, a súa importancia viuse impulsada pola Declaración de Boloña, na que se propón a creación de dous niveis na formación dos universitarios que se definan de forma homoxénea en todos os países europeos. A proposta realizada para esta homoxeneización baseouse na relación das competencias que un titulado universitario debe ter en cada nivel.

A continuación, baixo o título “Encuestas a egresados: tres fundamentos conceptuales en el seguimiento de egresados universitarios”, analízanse as orientacións que seguiron, nas últimas décadas, os estudos sobre egresados universitarios en Estados Unidos. Nas últimas páxinas deste artigo, os autores presentan as estratexias de investigación que se cursaron para obter a información neses estudos, os principais problemas metodolóxicos que atopan e as distintas solucións para abordalos.

Finaliza esta primeira parte da obra coa presentación de “Las encuestas a egresados universitarios como medio para la mejora de las universidades: lecciones desde Estados Unidos” na que se realiza unha revisión dos resultados das enquisas institucionais realizadas a egresados en mostras nacionais deste país.

A segunda parte do libro inclúe dúas achegas. A primeira delas “La evaluación de la transición al mercado laboral de las universidades catalanas” recolle o estudo realizado pola Agéncia per á Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya sobre a inserción laboral dos graduados universitarios cataláns. Os autores expoñen, en primeiro lugar, os antecedentes do proxecto; deseguido presentan os criterios seguidos para a elaboración da guía de avaliación do proceso de transición laboral, que ten por obxectivo analizar a inserción laboral dos graduados no contexto dos procesos de formación e as accións específicas desenvolvidas nas universidades. Finalmente, especifican as cuestións metodolóxicas do estudo de inserción laboral levado a cabo (obxectivos, poboación e mostra, variables, proceso...).

A segunda experiencia española presentada neste apartado corresponde á Comunidade Autónoma de Andalucía “Estudio de la inserción laboral de los titulados en las universidades de Andalucía”. Este traballo describe o estudo que realiza o Centro

Andaluz de Prospectiva mediante convenio co Instituto de Estatística de Andalucía e que se enmarca dentro das actividades de apoio ás tarefas de planificación educativa que realiza o CANP e entre as que se inclúen proxectos sobre identificación de necesidades das empresas, avaliación da demanda de titulacións ou análise da opinión dos estudantes universitarios. Preséntase o deseño metodolóxico do estudo, os problemas detectados e as solucións adoptadas.

A terceira e última parte deste volume recolle unha serie de documentos que se expoñen no seminario citado, co fin de ser sometidos a debate e poder compartir as diversas experiencias, que sobre a análise da inserción laboral dos universitarios, se realizan en diversas institucións universitarias españolas. A primeira achega trata os problemas cos que nos enfrontamos en España para lles realizar as enquisas aos graduados, así como a análise dun dos indicadores propostos no Catálogo de Indicadores do Consello de Coordinación Universitaria. A segunda está dedicada ao problema de como obter a opinión dos empregadores, saber que requiren e que aspectos da formación do estu-

dante son os que máis demandan. Finalmente, a terceira sistematiza a información de que dispoñen as unidades de fomento de emprego existentes nas universidades españolas.

En síntese, no albor do século XXI, cando a expansión da educación superior xa non parece ser un obxectivo prioritario, é necesario que as institucións universitarias se diversifiquen e se adapten ás novas necesidades sociais e se convertan nun ámbito de formación flexible e permanente, que traballe en colaboración cos sistemas empresariais e dote os seus titulados de novas competencias requiridas nos empregos.

Inmerso nestas reflexións, o lector debe achegarse á lectura dun libro que representa unha boa oportunidade tanto para coñecer e valorar os problemas que xorden durante o proceso de realización de estudos sobre a inserción laboral dos universitarios e as necesidades de información que se xeran, coma para facilitar o intercambio de documentación entre distintas institucións nacionais e estranxeiras e propoñer melloras e solucións. Neste sentido, estamos convencidos de que o lector poderá atopar ao longo das súas páxinas moitas e interesantes propostas e suxestións.

*Ana M<sup>a</sup> Porto Castro*  
Universidade de Santiago de Compostela